

Onde estamos e como chegar


O concello de Carnota está situado nun lugar privilexiado, no extremo occidental da Coruña, ao sur de Fisterra, lindando cos concellos de Muros, Dumbría e Mazaricos.



- | | |
|-------------------------|---------------------------------|
| 1. Fervenza do Xallas | 10. Castro de Mallou |
| 2. Praia do Pindo | 11. Torre dos Mouros |
| 3. Monte Pindo | 12. Miradoiro de Lira |
| 4. Illas Lobeiras | 13. Faro de Lariño |
| 5. Praia da Insuela | 14. Praia de Lariño |
| 6. Praia de Caldebarcos | 15. Hórreo de Carnota |
| 7. Praia da Boca do Río | 16. Hórreo de Lira |
| 8. Praia de Carnota | 17. Reserva Mariña dos Miñarzos |
| 9. Miradoiro de Louredo | — Estrada |

MÁIS INFORMACIÓN DE ONDE COMER E DURMIR ,
ARTESANÍA E DIRECTORIO MUNICIPAL EN

WWW.CARNOTA.GAL
Turismo



CARNOTA
é túa!



www.carnota.gal

Historia e patrimonio

As terras carnotás non só poden presumir de paisaxe, senón que tamén contan cun amplo patrimonio cultural, resultado dunha rica historia. A presenza de restos megalíticos e castrexos diseminados ao longo do territorio municipal, que nos trasladan ao Neolítico e á Idade de Bronce, son boa mostra da antigüidade do poboamento de Carnota.

Na Idade Media pertenceu aos condes de Trastámara e de Lemos e formou parte do antigo condado de Cornatum. Durante os axitados anos do medievo levantáronse na vila varias fortalezas para a defensa contra posibles ataques, que serían destruídas posteriormente durante as revoltas Irmandiñas.



En canto ao patrimonio histórico, en Carnota pódense contemplar múltiples manifestacións da nosa arquitectura popular, como son os cruceiros, os muíños, as eiras, as casetas mariñeiras, os pombais, as fontes ou os lavadoiros.

Pero, sen dúbida, unha das nosas construcións tradicionais máis xenuínas son as cabaceiras ou hórreos, utilizados para gardar, secar e conservar o gran e outros produtos da terra. Os hórreos de Lira e Carnota son os máis representativos do concello polas súas dimensións. Este último forma, xunto coa casa reitoral, o pombal e a igrexa de Santa Comba, un conxunto arquitectónico de indiscutible beleza, ademais de ser o máis grande de Galicia de estilo Noia.

No eido da arquitectura civil, destaca o faro de Punta Insua, en Lariño. Trátase dunha edificación sita na punta do mesmo nome, construída no 1920 para alumear a costa dende a Ría de Muros e Noia ata a de Corcubión. A arquitectura deste edificio componse dun corpo lonxitudinal complementado cunha torre cilíndrica, que alberga na parte superior a lente que alumea o camiñar das embarcacións.

E da arquitectura relixiosa, consérvanse mostras en cada parroquia, que destacan, en xeral, pola súa sinxeleza e austeridade.

Que facer ou visitar

Outro dos reclamos turísticos de Carnota, ademais da súa cultura e tradicións e da súa rica gastronomía, son as súas paraxes naturais, que se poden percorrer a través de diferentes rutas de sendeirismo.

O MUSEO ARQUEOLÓXICO ABERTO DE CARNOTA

10,5 km Media 3 h

O Museo Arqueolóxico Aberto, enmarcado na cota dos 200 metros sobre o nivel do mar, está formado por un conxunto de xacementos arqueolóxicos ligados por medio dun sendeiro (A Senda Verde) onde se pode coñecer parte da historia de Carnota e disfrutar dunhas impresionantes vistas panorámicas.

O BICO DO SANTO

1.0 km Media 45 min

Situado entre Castelo e Lamas de Castelo, é un traxecto curto, pero o percorrido é pendente e intenso (179 metros). O cumio, hoxe coroado por unha cruz, foi lugar de emprazamento dunha antiga torre vixía e posterior capela.

A FERVENZA DAS FONTES

1.2 km Fácil 35 min

O acceso faise dende Lamas de Castelo, seguindo unha pista forestal, para tomar logo un camiño a pé que nos guía a carón do río e rodeados de vexetación autóctona ata a fervenza. Durante o percorrido atópanse as ruínas dun antigo muíño.

Praias

O Concello de Carnota conta cunha interminable sucesión de fermosas praias e espléndidos areais, que conforman un auténtico tesouro natural. A máis coñecida é a praia de Carnota, a máis longa de Galicia, con case 7 km de lonxitude, en forma de media lúa de area branca e fina. Conserva un carácter agreste e salvaxe, o que lle confire un especial atractivo para quen busca o contacto coa natureza e a práctica de deportes acuáticos.

Festas e tradicións

Ademais das festas patronais, cada vez adquiren máis relevancia no noso territorio as festas relacionadas coa cultura e a gastronomía propias, tanto entre a veciñanza do municipio como entre as xentes que nos visitan. As máis destacadas son as seguintes:

Cabalgata de Reis
5 de xaneiro

Festa de San Mamede
7, 8 e 9 de agosto

Festa de San Sebastián de Pedrafigueira
20 de xaneiro

Festa de San Clemente do Pindo
Segunda fin de semana de agosto

Entroido
Febreiro/marzo

Festa da Virxe do Carme e sardiñada de Caldebarcos
Xoves e venres despois do 16 de xullo

Mostra de Promoción Local Vindemo Ver
Semana Santa

Festa do Mar de Lira
Terceira fin de semana de agosto

Festa dos Remedios Novos de Lira
1º martes despois de Semana Santa

Festa da Cachelada de Mallou
Último xoves e venres de agosto

Romaría dos Muíños de Caldebarcos
Último sábado de maio

Festa do Cristo de San Mamede
1º fin de semana de setembro

Festa dos Remedios Vellos de Lira
7 semanas despois dos Remedios Novos

Festa da Nosa Señora das Dores de Carnota
20 de setembro

Festórreo
Última fin de semana de xullo

Festa do Cristo do Pindo
12 e 13 de outubro

Festa de San Martiño de Lariño
11 de novembro

O MONTE PINDO

O Monte Pindo é un dos elementos máis emblemáticos da xeografía galega. Trátase dun macizo granítico no que, froito da erosión, se foron creando un conxunto de estrañas figuras zoomorfas e antropomorfas. Este espazo natural, que alberga multitude de lendas, é un lugar inigualable para a práctica do sendeirismo. Dende o seu cumio, A Moa, a 642 metros de altitude gózase dunhas espectaculares vistas panorámicas do val e da extensa praia de Carnota, do Cabo Fisterra e da Ría de Corcubión.

RUTA 1

AS PEGADAS DA HISTORIA

5.2 km Media-baixa 1.5 h de subida

Este é o camiño que ofrece menos dificultade de acceso á Moa. O percorrido comeza na aldea do Fieiro, despois de pasar o miradoiro do Ézaro e o encoro de Santa Uxía, tomando unha pista forestal. Durante o percorrido pódese ver Penafiel e tamén se pode tomar un desvío para visitar a Cova da Xoana.

RUTA 2

OLLADAS AO ATLÁNTICO

4.5 km Media-alta 2 h de subida

Esta ruta permite gozar das máis fermosas paisaxes da Costa da Morte. O camiño parte de detrás da igrexa do Pindo e leva o visitante ata o Castelo do Pedrullo, pasando polo Outeiro Nariz e o Chan de Lourenzo, onde se atopan formacións xeomorfolóxicas de gran singularidade, entre as que destaca o Xigante da Mina.

A ruta culmina na Laxa da Moa, o cumio máis elevado do Monte Pindo. As espectaculares vistas que ofrece A Moa compensan dabondo o esforzo da subida. En días claros pódense albiscar, mirando cara ao sur, as entradas das rías de Arousa e Pontevedra, e mesmo hai quen di que chegou a divisar as torres da Catedral de Santiago de Compostela.

RUTA 3

O CAMIÑO DO CASTELO DE PENAFIEL

4.5 km Alta 2:30 h

Dende a aldea do Fieiro séguese un camiño empedrado que conduce ao cumio de Penafiel. Fálase de que alí estivo emprazado un casteliño de moi modestas dimensións e de que no seu cumio había un altar consagrado no que se realizaban sacrificios. Unha inscrición nunha laxe dá testemuño da excomuñón dun nobre decretada polo arcebispo Xelmírez por mor dunha grave afronta. Se continuamos a ruta en dirección á Moa podemos tomar un desvío que nos conduce á Cova da Xoana.

RUTA 4

A FERVENZA DO XALLAS

1.2 km Baixa 1-2 h de subida

O Xallas, fronteira natural entre os concellos de Carnota e Dumbría, é o único río de Europa cuxas augas, hoxe retidas polo encoro de Santa Uxía, se precipitan espectacularmente no mar en forma de fervenza, dende uns 80 metros de altura.

O conxunto, que inclúe a garganta do Xallas e o macizo do Pindo, conserva un interese xeomorfolóxico excepcional e está considerado Punto de Interese Xeolóxico.

